

Crónica: Xeira á Península de Monteferro

Escrito por
Venres, 23 Xullo 2010 20:26



Un carreiro de estrelas esvara entre os piñeiros... É a Santa Compañía? Preguntan. Dende lonxe pouco se pode dicir. Temos que achegarnos. Un balbordo de voces indica que a Santa non é. Ela camiña silenciosa. Non téis que botarte ao chan. Non temas. Quérete levar, pero non ao cemiterio, se non a un sitio no que o tempo e o espazo conxugan o que foi có que é.

Unha Xeira é unha viaxe. Un tránsito, un fluxo onde ti podes coñecer máis alá do que os sentidos che din. Por iso, cando decides deixar, por unhas horas, a tele e poñerte a "bater o zoco", fas unha elección por unha experiencia estimulante; decides experimentar o que a maior parte das persoas de hoxe deixan a carón: ser protagonista dunha aventura propia que se fai en colectivo. [Pica aquí para ler a crónica completa](#)

Te adxuntamos o díptico da Xeira.